

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP ROSALÍA DE CASTRO

ÍNDICE:

1. .INTRODUCCIÓN.	2
2. ANÁLISE DO CONTEXTO E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO. 2.1 PRINCIPIOS BÁSICOS DUNHA EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA. 2.2 TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES.	3/6
3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ALCANZAR PARA PREVER E RESOLVER CONFLICTOS.	6/11
4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA. 4.1. COMPOSICIÓN. 4.2. FUNCIONES. 4.3. PLAN DE REUNIÓN E ACTUACIÓN	12/14
5. . NORMAS DE CONVIVENCIA.	14/19
6. . ACTIVIDADES A REALIZAR PARA PREVER E DETECTAR CONFLICTOS.	19/21
7. MEDIDAS PARA REGULAR E RESOLVER CONFLICTOS.	21/22
8. AULA DE CONVIVENCIA.	22/26
9. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.	26/33
10. AVALIACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: ESTRATEXIAS PROCEDIMENTOS.	33/34
11. . RECOLLIDA DE INCIDENCIAS.	35
12. ANEXOS	36

1. INTRODUCCIÓN

Partindo do interese por formar aos alumnos e alumnas para que poidan convivir pacífica e activamente na sociedade, debe levarnos a considerar que os modos de relación e o clima de convivencia no centro teñen que propiciar o desenvolvemento dos valores de liberdade persoal, responsabilidade, cidadanía democrática, solidariedade, tolerancia, igualdade, respecto e xustiza, por seren estes a base da vida en común.

Nesta liña, entendemos a elaboración do Plan de Convivencia do Centro como unha oportunidade para que de maneira colectiva os mestres e mestras, coa participación da comunidade educativa, revisemos os aspectos da institución educativa, busquemos explicacións aos problemas e adoptemos propostas e medidas para o fomento da cultura de paz e a mellora do clima de convivencia escolar.

Conforme ao establecido na lexislación vixente, Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar "A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade mutua, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, á súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa". Partindo desta premisa consideramos que é de vital importancia un bo clima de convivencia para levar a cabo o noso traballo e por iso a elaboración deste plan que pasará a formar parte do Proxecto Educativo.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

En termos xerais, pode dicirse que os problemas de conduta e a desmotivación do alumnado estanse convertendo nun obstáculo a ter en conta na nosa tarefa docente.

A convivencia escolar adquiriu unha gran relevancia debido a dous feitos fundamentais:

1) Continuo aumento da complexidade social, que ten como resultado os feitos violentos que se producen no seu seo e que logo terán o seu reflexo na aula.

2) Os cambios no currículo e na organización escolar.

Actualmente, o interese polas normas de disciplina foron desprazadas pola busca de fórmulas consensuadas polo conxunto da comunidade educativa.

Dende este punto de vista, a disciplina pasou de ser un elemento con valor en si mesmo a ser un procedemento baseado na negociación no bo entendemento. Compre buscar estratexias que permitan previr conflitos futuros e resolver eficazmente aqueles que xa se presentaron, considerando cada situación problemática como unha situación para aprender a xestionar mellor a clase e como un exercicio práctico no que os alumnos e as alumnas aprendan a construír un clima de convivencia respectuoso e favorable ao traballo escolar.

Podemos dicir que o noso centro, en termos xerais e tendo en conta o comportamento dos nosos alumnos e alumnas nos derradeiros anos, apenas ten conflitos. Hai algunha falta de interese e motivación por aprender e prodúcense poucos actos concretos de indisciplina que son os que en ocasións transcenden, alarmando e creando unha visión distorsionada do funcionamento normal do centro. Cómpre, por tanto potenciar unha nova visión na organización escolar que sexa o resultado do traballo conxunto por parte de todos os sectores da nosa comunidade educativa.

Coa elaboración do presente plan, o noso obxectivo principal non é solo prever posibles conflitos de convivencia, senón que pretendemos ensinar ao noso alumnado a saber comportarse ben, tanto dentro como fóra do centro. Buscamos, polo tanto, crear un bo clima escolar.

Este plan pretende ser un instrumento útil ao servizo da Comunidade Educativa do Centro.

Na escola sempre haberá conflitos, logo hai que educar para elo, buscando a súa parte positiva e pedagóxica.

A educación debe contribuír ao desenvolvemento de aqueles valores que permiten avanzar no respecto á diversidade de opinións, puntos de vista, en loita contra as desigualdades e na diminución dos conflitos.

A formación dos nenos e nenas no coñecemento dos seus dereitos faraos libres e participativos; a formación nos seus dereitos faraos responsables, solidarios, tolerantes, respectuosos cos dereitos dos demais, creará neles e nelas actitudes favorecedoras da convivencia.

Somos conscientes de que a escola é un reflexo dos valores sociais, familiares e culturais que os nenos e as nenas perciben no seu entorno e nas súas vivencias. Na tarefa da educación a escola non pode actuar soa porque educar é unha tarefa tan ampla e complexa que un sector só non ten as respostas e menos as solucións. Por iso a escola, a familia e outras institucións deben coordinarse, implicarse, entenderse e ser coherentes nas súas competencias para conseguir unha educación de calidade que prepare para a vida de cada un e para a realidade multicultural e multiétnica na que lle tocará vivir e desenvolverse ao alumnado.

Ante isto a escola ten o papel de marcarse uns principios, uns obxectivos de prevención e unhas estratexias de intervención que segundo o noso contexto serán os que a continuación desenvolveremos.

2.1. PRINCIPIOS BÁSICOS DUNHA EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

A convivencia no noso centro educativo está integrada e presente nos seguintes ámbitos:

- Proceso de Ensino-Aprendizaxe.
- Plan de Acción Titorial.
- Plan de Orientación.
- NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia).
- Resolución de conflitos.

Partimos de que un bo Plan de Convivencia debe deseñarse sobre obxectivos preventivos. Entendemos o **conflito** como a confrontación que se produce entre diversos intereses. A actitude coa que se enfronta a un conflito é máis importante que o conflito mesmo. Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o cambio. Partimos da autoridade ao adulto e o respecto mutuo como dous pilares fundamentais que facilitan a convivencia no noso centro.

2.2. TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES

- Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso.
- Distracción e falta de atención.
- Esquecer o material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- Desobediencia ás ordes educativas do mestre ou da mestra.
- Falta de respecto ás veces entre iguais.

➤ **As súas causas, consideramos que poden ser:**

- Falta de motivación.
- Chamadas de atención de forma global.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Falta de colaboración e/ou implicación por parte das familias: non revisan a axenda escolar, se traen o material a clase, etc.
- Impulsividade, pouca reflexión.
- Falta dun referente de autoridade, ás veces.
- Falta de responsabilidade da familia ante o centro, casos puntuais.
- Problemas de conduta derivados de situacións vividas.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ALCANZAR PARA PREVIR E RESOLVER CONFLICTOS

O noso centro con este Plan de Convivencia acometerá as seguintes medidas:

➤ **Na relación entre MESTRES/MESTRAS:**

- Formación en habilidades para o control e a xestión de grupos de alumnado, evitando o desgaste profesional.
- Establecer intercambios profesionais entre os docentes.
- Proceder a través de técnicas de mediación en caso de conflito entre profesores, onde o diálogo sexa o máis importante.
- Actualizarse e perfeccionarse na súa profesión e investigar os recursos didácticos máis apropiados para o traballo escolar de cada día.

- Ter elaborada a Programación de Aula, adaptando o ensino á situación real dos alumnos e alumnas.
- Conseguir unha información adecuada sobre a situación dos alumnos e alumnas ao comezo do curso.
- Respetar a personalidade do neno e nena non facendo distincións entre eles, intentando escoitalos , comprendelos e axudarlles, mediante un clima de respecto e confianza.
- Conseguir que os seus alumnos e alumnas coñezan e respecten as normas de convivencia do centro, evitando darlles normas contraditorias.
- Coñecer a estrutura social de cada clase (líderes, illados, ...) no momento de planificar as actividades e orientalos.
- Coñecer o Plan de Convivencia e cumprir as súas normas.
- Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do centro.
- Colaborar no mantemento do orde e disciplina dentro do recinto escolar.

➤ **Na relación CENTRO-ALUMNOS/AS-FAMILIAS:**

- Realización de actividades nas que estean implicados todos os integrantes da comunidade escolar.
- Realización de actividades culturais abertas á comunidade.
- Invitar ás familias a que participen nalgunha actividade de aula.

➤ **Na relación MESTRA/MESTRE – ALUMNA/ALUMNO:**

- Obxectivos docentes que favorezan a aprendizaxe e a convivencia na aula.
- Adaptar ao máximo os contidos a traballar na clase, acercando ao nivel real dos alumnos e alumnas os obxectivos curriculares.
- Programar os contidos e as actividades (Non improvisar).

- Levar a cabo o traballo cooperativo.
- Manter aos alumnos e as alumnas en tarefas adecuadas as súas necesidades.
- O mestre ou mestra levará a cabo as medidas oportunas derivadas dun incumprimento dunha norma, sen delegar esta función a outros compañeiros ou ao equipo directivo si non é estritamente necesario.
- A mestra ou mestre focalizará a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas.
- O mestre ou mestra implicará aos alumnos e alumnas nas normas de clase, nas súas consecuencias e terá en conta o que pensan e as súas opinións.
- A mestra ou mestre posibilitará espazos e tempos suficientes para que os alumnos e alumnas falen con liberdade da disciplina e dos problemas sen que se falen de problemas concretos referidos a alumnos ou alumnas concretos.
- O mestre ou mestra levará a cabo unha titorización individualizada cos alumnos e alumnas que manifesten alteracións do comportamento.
- A mestra ou mestre levará a cabo de forma privada e individualmente, as chamadas de atención respecto ás condutas contrarias á convivencia.
- Mostrar empatía e comprensión as súas explicacións. "*entendo o que me dis*".
- Manifestar a queixa de maneira asertiva de tal forma que se diferencie a conduta da persoa. *Valorase a persoa e recrimínase a conduta*.
- Establecemento claro das consecuencias.
- Chegar a acordo ou compromisos/contratos.
- Seguir mantendo a boa relación.
- O mestre ou mestra evitará expoñer cuestións individuais de conduta en gran grupo, xa que isto evitaría confrontación cos alumnos e alumnas, situacións vergoñosas e castigos emocionais.
- A mestra ou mestre actuará inmediatamente ante os problemas de conduta, aplicando as consecuencias establecidas.

- O mestre ou mestra establecerá dúas ou tres normas claras e fundamentais na aula que axude a que os alumnos e alumnas coñezan as regras do xogo.
- Ante os conflitos ambiguos ou graves, a mestra ou mestre tomará tempo para establecer as medidas a adoptar.
- A mestra ou mestre non tomará medidas ou consecuencias que humillen ao alumno ou alumna.
- O mestre ou mestra manterá o autocontrol ante condutas desafiantes ou disruptivas dos alumnos e alumnas xa que o contrario, fomentaría a "Escala do conflito", chegando a perder a autoridade e o respecto.
- A mestra ou mestre utilizará o reforzo positivo de condutas alternativas (condutas positivas que se dean na aula, tanto académica coma social).
- O mestre ou mestra utilizará o exemplo de si mesmo para mellorar a convivencia na clase: Falar en ton baixo de voz, ser puntual, ser coherente.
- Levar a cabo mediante a acción titorial un programa de habilidades sociais tendo en conta o desenvolvemento evolutivo dos diferentes alumnos e alumnas do centro. As habilidades máis importantes que se poderían incluír serían:
 - ✓ A asertividade (as interaccións sociais asertivas son aquelas que respectan por igual as calidades e características dun mesmo e as de aquelas persoas con quen se interactúa.)
 - ✓ Resiliencia.
 - ✓ Reforzar aos outros ou realizar cumpridos e aceptalos.
 - ✓ Pedir por favor e dar as grazas.
 - ✓ Saber dicir "NON".
 - ✓ Saber reaccionar ante as críticas e os insultos.
 - ✓ Iniciar, manter e rematar conversacións.
 - ✓ Resolver os conflitos a través das canles establecidas.

➤ **Na relación MESTRA/MESTRE- FAMILIA:**

- Incluir actuacións relacionadas cos obxectivos nas reunións do titor ou titora co grupo de pais, nais ou titores legais e con estes individualmente.
- As reunións do comezo de curso serán momentos moi adecuados para transmitir os valores e normas do noso centro.
- Estas reunións poderanse empregar entre outras cousas para falar do clima de convivencia na clase e informar e sensibilizar ás familias de alumnos e alumnas de E. Primaria sobre o fenómeno do acoso entre iguais, as súas consecuencias e posibles liñas para previlo no seo da familia.

➤ **Na relación CENTRO-FAMILIA:**

- Potenciar o intercambio de información entre o centro-familias-alumnos e alumnas:
- Elaborar e distribuír pola Comunidade Educativa un tríptico informativo sobre o centro (servizos educativos, instalacións, proxecto educativo, equipo docente).
- Manter informada á familia das modificación funcional ou estrutural do centro no taboleiro de anuncios ou Internet (páxina web do centro).
- Informar ao comezo da escolaridade de:
 - ✓ Proxecto Educativo.
 - ✓ Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia e as súas consecuencias se se incumpren.
 - ✓ Indicar as datas das reunións grupais coa titora ou titor e as datas de visita individual co mesmo.
 - ✓ Indicar as actividades programadas no Plan Xeral Anual do Centro que se van a realizar durante o curso con alumnos, alumnas e con toda a comunidade escolar.

➤ **Na relación CENTRO-ALUMNOS E ALUMNAS:**

- Elaboración dunhas normas de convivencia consensuadas e contextualizadas no centro.

- Revisar e aplicar o Plan de Acción Titorial para utilizalo.
- Actuar de maneira coordinada todo o profesorado do centro establecendo uns bos canais de comunicación cando xurdan problemas ou conflitos entre os alumnos ou alumnas.

➤ **Na relación FAMILIA – FILLOS/FILLAS:**

- Mellorar o coñecemento dos seus fillos e fillas mediante os mecanismos que se estimen de interese.
- Coñecer o seu desenvolvemento evolutivo.
- Que poden facer os seus fillos e fillas en cada unha das idades a nivel condutual, cognitivo, social e afectivo-moral.
- Fomentar nas súas fillas e fillos o respecto cara aos seus mestres/mestras e compañeiros. "*Non falar mal dos mestres/mestras diante do neno ou nena*". Canalizar as críticas cara ás mestras e mestres mediante o diálogo con eles e co Equipo Directivo.
- Que fomenten a "*Non violencia*" entre os seus fillos e fillas e que debatan con eles as normas de convivencia así como as súas consecuencias.
- Fomentar nos seus fillos e fillas habilidades básicas de:
 - ✓ Atención á mestra ou mestre cando explica.
 - ✓ Ter todo o material preparado nas mochilas.
 - ✓ Anotar todas as tarefas que non remataron na aula e que teñen que facer na casa.
 - ✓ Mostrar interese polo seu día a día, facéndolles preguntas sobre o mesmo.

4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA: COMPOSICIÓN, PLAN DE REUNIÓN E ACTUACIÓN

4.1. COMPOSICIÓN:

Segundo o Artigo 6.2 do Decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro (DOG 27/01/15), na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Ademais, no artigo 6.5 establece que, cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

➤ Atendendo o anteriormente exposto, **neste centro queda composta por:**

- O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro.
- Representantes do profesorado.
- Representantes das familias.
- Representantes do persoal de administración e servizos.

4.2. FUNCIONES :

O Decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro no Artigo. 6.4 (DOG 27/01/15) establece como funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

4.3. PLAN DE REUNIÓN E ACTUACIÓNS

Celebraranse as tres reunións preceptivas e todas aquelas que se consideren necesarias.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

➤ Normas xerais de convivencia do centro:

Para facilitar a convivencia e favorecer o ambiente educativo, así como as relacións persoais entre todos os que formamos parte da Comunidade Educativa da nosa escola, é preciso ter en conta algunhas normas como as que a continuación se relacionan.

- Cómpre que sexamos puntuais, nas entradas e saídas.
- As alumnas e alumnos que por calquera causa cheguen tarde, deberán vir acompañados por unha persoa adulta (pai, nai, titor legal ou persoa responsable) que xustifique a tardanza do neno ou a nena ante a Dirección do centro. En ningún caso se pode deixar ás nenas e aos nenos na porta para que accedan sós á aula, cando chegan tarde.
- A tardanza en recoller aos nenos e ás nenas sobre todo aos de máis curta idade, supónlle certa inseguridade que debemos evitar por todo os medios. Ademais provoca un desorde nos horarios dos que convivimos dentro do centro.

- Procuremos non interromper o traballo que se está a realizar no interior das aulas. Cando sexa necesario recoller a algún neno ou nena dentro da xornada escolar por algún motivo xustificado (médico, vacinas, etc...) é preciso que o comuniquemos na Dirección do Centro. Nunca entrar nas aulas.
 - As persoas que recollen ás nenas e aos nenos ao remate da xornada escolar, esperaranos sempre nos patios do Centro; Así respectaremos a orde nos corredores, evitando os atropelos entre nenos, nenas e persoas adultas.
 - Tras a saída do alumnado, pecharanse os portalóns de acceso ao centro, co fin de evitar accidentes nos patios escolares fóra do horario escolar. Non poderán permanecer dentro do recinto do centro fóra do horario escolar as nenas e os nenos sen estar acompañados polo pai, nai ou familiar responsable..
- **Normas para o alumnado:**
- Como norma principal de convivencia está o respecto aos compañeiros e compañeiras, mestras, mestres e persoal non docente.
 - Asistir a clase con puntualidade. Excepcionalmente, permitirase o acceso ás aulas ata cinco minutos despois. A partir deste momento só se poderá entrar acompañado dun adulto e explicando as causas polas que se produce o retraso.
 - Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudio dos compañeiros.
 - Adquirir os materiais educativos necesarios para o desenvolvemento das clases.
 - Os alumnos e alumnas non poderán saír sós debéndose encargar de recollelos os pais, nais ou titores legais ou persoa autorizada polos mesmos. Para iso pasarán por Secretaría onde cubrirán a solicitude para abandonar o centro.
 - Os alumnos e alumnas deben colaborar na conservación do centro: mantelo limpo (facer uso das papeleiras da aula e dos patios), facer bo uso dos baños (non malgastar auga nin papel hixiénico)
 - Cando falen farano sen gritar, pedindo quenda de palabra.

- Ao desprazárense polo centro farano sen correr, e cando entren e saian de clase con todos os compañeiros farano en fileira.
 - Coidar o material e mobiliario da escola.
 - Respetar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
 - Participar na vida e funcionamento do centro.
 - Respetar estas normas tanto en horario escolar coma en horario de actividades extraescolares.
- **Atribucións do profesorado-titor:**
- Coñecer as aptitudes e intereses de cada alumno ou alumna, con obxecto de orientalo no seu proceso de aprendizaxe e na toma de decisións persoais e académicas.
 - Coordinar a intervención educativa de todos os mestres e mestras que compoñen o equipo docente dun grupo de alumnos e alumnas.
 - Garantir a coordinación das actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan ao alumnado ao seu cargo.
 - Organizar e presidir as reunións do equipo docente e as sesións de avaliación do seu grupo de alumnos e alumnas.
 - Coordinar o proceso de avaliación continua do alumnado adoptar, xunto co equipo docente, as decisións que procedan sobre a avaliación e promoción do alumnado de acordo cos criterios que, ao respecto, estableza a Lei
 - Cumprimentar a documentación académica do alumnado ao seu cargo.
 - Informar ao alumnado sobre a marcha da súa aprendizaxe, así como ás súas nais, pais ou titores legais.
 - Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado do equipo docente e os pais, nais ou titores do alumnado.
 - Manter unha relación permanente coas nais, pais ou titores do alumnado.
 - Cantas outras se establezan por Orde da Consellería de Educación ou se inclúan no plan de orientación e acción tutorial do centro.

- Se algún alumno ou alumna se atopa enfermo en horario escolar, avisarase por teléfono á familia para que veñan a recollelo. No caso de que sufra un accidente grave, chamarase ao servizo 112/061 inmediatamente, previo aviso ás familias.
- Os mestres e mestras porán especial coidado nos momentos de cambio de clase, velando por que non se produza ningún conflito, procurando sempre a maior puntualidade.

➤ **Atribucións das familias:**

- As faltas a clase deberán xustificarse debidamente por parte dos pais, nais ou titores legais. No caso reiterado de faltas sen xustificar, aplicarase o protocolo absentismo.
- Acudir ao Centro en horario de Titoría ou cando sexan citadas pola titoría ou o equipo directivo e interesarse polo desenvolvemento da aprendizaxe da súa filla ou fillo.
- Coidar para que o alumnado acuda ao Centro en correctas condicións de vestiario, alimentación e co material necesario para a súa participación na clase.
- Non mandar aos nenos e nenas con piollos ou enfermos ou enfermas á escola, polo ben da saúde persoal da súa filla ou fillo e a dos demais. Cando sexa necesario que se lle administre algunha medicación mentres estea na escola, os pais, nais ou titores legais teñen que facer unha petición por escrito así como a prescrición médica de dita medicación ou vir a administrala persoalmente.
- Os familiares que se leven a algún neno ou nena durante o horario lectivo terán que cumprimentar un impreso en Secretaría.
- As familias non deben retrasarse en recoller aos seus fillos ou fillas á saída das actividades lectivas. Se o retraso se fai habitual, informarase ás autoridades pertinentes.
- Non se permitirá a entrada ás aulas, salvo en actividades programadas que requiran da súa colaboración.
- Para falar coa titora ou titor, ou ben con algún membro do Equipo Directivo, utilizará o horario establecido.

- Colaborar co profesorado para a modificación da conduta do seu fillo ou filla en caso de ser necesario.

➤ **Normas dentro da aula:**

Durante a primeira quincena de clase, o titor ou titora de cada clase establecerá unhas normas de aula consensuadas co alumnado. Ditas normas serán propias de cada clase e estarán adecuadas ás idades e características do alumnado. Estarán nun lugar visible onde os alumnos e alumnas teñan fácil acceso a súa lectura.

- Será preciso manter un clima de respecto entre compañeiros e compañeiras e cara ao profesorado que imparta docencia na aula, potenciando as actitudes de diálogo ante calquera tipo de conflito que poida xurdir.
- Dende as diferentes titorías velarase polo coidado das aulas e o material recollido nelas, procurando en todo momento que, tanto o mobiliario coma o material escolar, así como as pertenzas persoais, etc.. sexan respectados e tratados co coidado necesario para a súa conservación.
- As aulas deberán manterse limpas e ordenadas, respectando os criterios anteriormente establecidos e que se refiren á distribución do mobiliario para a posterior limpeza, o apagado das luces, o uso de papeleiras, etc.
- Coidar e conservar os libros de texto e da biblioteca de aula.
- Entrar e saír da aula en orde.
- Nos comezos de cada trimestre faremos pequenas sesións de repaso e concienciación das normas de convivencia.
- Todos os membros da Comunidade Educativa son responsables do cumprimento de estas normas.

➤ **Correccións:**

O incumprimento das normas de convivencia terán as súas debidas consecuencias e correccións formadoras: ordenar o desordenado, estudar o non estudado, pedir desculpas, cooperar en tarefas colectivas, e sempre informando ás familias do sucedido. Pero tamén usaremos parabéns e o recoñecemento polo ben proceder do grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular.

A corrección para cada tipo de conduta contraria ás normas de convivencia queda detallada nas NOFC.

6. ACTIVIDADES A REALIZAR PARA PREVER E DETECTAR CONFLICTOS

O profesorado do Centro en xeral e os titores e titoras en particular, mediante a propia acción titorial e grazas ao permanente contacto co seu alumnado e a regular relación coas familias, serán os encargados de adoptar as medidas educativas necesarias para prever os conflitos no Centro.

Entre as medidas para prever os conflitos contemplaranse as seguintes:

a) Actividades encamiñadas a facilitar a integración e participación do alumnado.

- Plan de Acollida.
- Asembleas de clase (Que se levarán a cabo en todos os cursos).

b) Medidas para dar resposta á diversidade do alumnado.

- Plan de Acción Titorial.

- Plan de Atención á Diversidade.
- Plan de Acollida.

c) Actividades dirixidas a favorecer a relación das familias co Centro.

- Atención ás familias polo Equipo Directivo. Na reunión mantida a principio de curso daráselle as familias, entre outras, información sobre o acoso/intimidación/abuso entre iguais e as medidas para previlo e detectalo se é o caso.
- Atención dos titores en horario de Titoría.
- Asembleas de Titoría a comezos de curso.
- Reunións coas familias cando sexa necesario.
- Participación das familias a través do Consello Escolar.

d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres.

- Actividades programadas polo Centro.

e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco (entradas, saídas, recreos...)

f) Actividades para a sensibilización fronte ó acoso e intimidación entre iguais.

Poderemos tratar de forma sistematizada no contexto da titoría tarefas que incidan no ámbito das habilidades sociais. Tamén poderemos desenvolver na aula actividades con carácter máis puntual: día da paz ...

g) Medidas organizativas de centro.

Nas NOFC formulamos finalidades relacionadas co rexeitamento de condutas discriminatorias, educación para a resolución pacífica de conflitos; coordinación e cooperación entre o profesorado; fomento de traballo cooperativo ... Ademais, nas NOFC incluimos, entre outras, medidas referidas a:

- ✓ Funcións e competencias dos diferentes órganos, equipos e profesionais que traballan no centro.
- ✓ Criterios de adscrición do profesorado.
- ✓ Criterios para a inclusión do alumnado nos grupos-clase.
- ✓ Criterios de uso dos distintos espazos.
- ✓ Dereitos e deberes dos distintos compoñentes da comunidade educativa.
- ✓ Organización de vixilancias, entradas e saídas, así como os cambios de clase.
- ✓ Canles de comunicación entre os diferentes órganos e profesionais que traballan no centro.

7. MEDIDAS PARA REGULAR E RESOLVER CONFLICTOS

Establécese o seguinte **protocolo para a resolución de Conflictos no Centro**:

- Ante calquera conflito o primeiro que se fará é pedir perdón á persoa afectada ou ofendida o que podería atenuar a corrección imposta.
- O profesorado titor actuará de mediador sen que iso lle impida pedir a colaboración do alumnado no proceso de mediación. No caso que o conflito se produza no patio, proporáselles que traten de chegar a un acordo de forma pacífica no propio patio. Se non acadan un acordo trasladarase á/ó titor/a, que decidirá os pasos a seguir.
- As consecuencias das condutas contrarias ás normas de convivencia serán evidentes e inmediatas.
- Compromiso de convivencia, irá dirixido a casos de alumnado:
 - ✓ Que habitualmente non acepta as normas na aula ou no centro
 - ✓ Con moitas faltas de asistencia que dificultan o seu desenvolvemento académico e integración.
 - ✓ Con problemas de atención e aprendizaxe que inflúan no seu comportamento

Con este instrumento poderemos tratar problemáticas relacionadas con:

- ✓ Asistencia ao colexio.
- ✓ Asistencia co material escolar preciso.
- ✓ Realización de tarefas na casa.
- ✓ Aspectos de conduta.

Pasos para o seu desenvolvemento:

- ✓ O titor/a subscribe o compromiso por propia iniciativa, por suxestión do equipo docente ou da familia.
- ✓ No Compromiso estableceranse os obxectivos, as medidas, as obrigacións de cada parte, as datas de revisión e de contacto coa familia, así como os procedementos para valora-la efectividade. Informarase ó equipo educativo e á xefatura de estudos.
- ✓ Cada mestre ou mestra valorará o comportamento durante a súa hora de clase, podendo realizar observacións.

No caso de reincidencia ou conflitos máis graves, tomaranse as medidas propias dunha falta grave establecidas por lei e recollidas nas **NOFC** do centro.

8.AULA DE CONVIVENCIA

O seu obxectivo é ofrecer un espazo e un tempo para a reeducación das condutas do alumno contrarias as normas de convivencia da aula-centro. É dicir, pretende favorecer a reflexión dos alumnos/as sobre os seu comportamentos garantir as actividades formativas pertinentes en cada caso, que aseguren ou tendan a mellorar ditos comportamentos. Do mesmo xeito, esta aula de convivencia debe converterse nunha alternativa á expulsión da aula-centro para o alumnado.

Funcións da aula de convivencia:

- Espazo de reflexión: posibilitar que os alumnos/as aprendan e se responsabilicen das súas propias accións, pensamentos e sentimentos.
- Espazo formativo: que contribúa a formar actitudes cooperativas, empáticas, solidarias e de respecto cara os demais.
- Espazo de mediación: que permita ao alumnado e profesorado atopar un espazo neutral onde se podan analizar e resolver os conflitos de maneira pacífica e dialogante.
- Espazo reflexivo: que permita, a través da reflexión, que o alumnado adquira compromisos concretos que melloren o conflito.
- Espazo pacífico: que permita ao estudante que o necesite recuperar o autocontrol das súas emocións e autoestima.
- Espazo educativo: que mellore a vida persoal e académica do alumnado por medio de actividades educativas.

Obxectivos:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria as normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta sobre todo ao desenvolvemento das clases.
- Posibilitar o que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Posibilitar que o alumno/a se sinta competente emocionalmente e na realización de certas tarefas.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Axudarlle a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- Resolver os conflitos de maneira pacífica dende o diálogo e a reflexión.
- Compensar as deficiencias que impiden a algúns alumnos/as a súa integración escolar.

- Educar para a vida, potenciando as relacións interpersonais de cada alumno/a, e dicir, para a súa integración satisfactoria na comunidade.
- Mellorar a vida académica e persoal do alumnado.

Mediante este modelo de resolución de problemas trátase de buscar reforzos positivos que melloren a convivencia do alumnado no centro.

Tamén se trata de buscar mecanismos que colaboren na maduración dos nosos nenos e das nosas nenas e na mellora do seu autocontrol e autodisciplina.

- **Condicións para derivar a un alumno ou alumna á aula de convivencia:**
- Ser reincidente na súa actitude e conduta contrarias á convivencia.
- Presentar problemas de autoestima, autocontrol, autoconcepto, relación persoais.
- Non haber asistido á aula de convivencia con anterioridade polo mesmo motivo, a expulsión non favorecería a corrección da conduta.

Actuacións da aula de convivencia inclusiva:

O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos mesmos, deba ser obxecto de sanción disciplinaria, poderá cumprila na aula de convivencia inclusiva, segundo o procedemento de sancións, de acordo co seguinte modelo:

1. A xefatura de estudos elaborará un informe indicando os motivos, obxectivos, días ou clases nas que o alumno/a será derivado á aula de convivencia inclusiva.
2. A xefatura de estudos solicitará aos mestres/as que atenden ao alumno/a as actividades formativas para o período de expulsión.
3. O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumno/a deberá realizar e entregará á persoa coordinadora.
4. A xefatura de estudos, a dirección ou o titor/a comunicará ás familias a medida correctiva.
5. O profesorado informará á persoa titora e á xefatura de estudos do traballo curricular realizado a través dunha ficha de seguimento do traballo realizado.

Profesorado que atende a aula de convivencia inclusiva:

A aula de convivencia inclusiva será atendida polo profesorado que se atope de garda. As funcións do profesorado que atenda a aula de convivencia inclusiva serán as seguintes:

- Axudar a reflexionar ao alumnado que accede a esta aula.
- Atender ao alumno/a que permanece na aula de convivencia.
- Redactar unha ficha resumo do traballo realizado.

Actuacións do Departamento de Orientación:

O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Será o encargado de deseñar o material de reflexión e modificación de conduta, acorde coa problemática do alumno/a, así como das fichas a cubrir nos períodos que o alumno ou alumna permaneza na aula de convivencia inclusiva.

Por outra parte, cumprimentará un rexistro individualizado de conduta, atendendo á información recibida polo mestre/a-titor/a, polo mestre/a que realizou a expulsión e polo profesorado que atendeu ao neno ou nena na aula de convivencia inclusiva.

A orientadora manterá entrevistas co alumnado que asista á aula de convivencia e coas súas familias, sempre que o mestre/a-titor/a o estime oportuno.

Horario, localización e instalación:

A aula de convivencia está situada no corredor da primeira planta do centro. Funciona en horario lectivo e esta atendida por un mestre ou mestra de garda.

Material didáctico:

O material didáctico será elaborado polos mestres e mestras que lle impartan docencia ao alumno/a que asista á aula de convivencia inclusiva.

9. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

➤ PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

Na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías. Recóllense, ademais, os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluíra un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu plan de convivencia.

A Administración educativa pon á nosa disposición un **protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso** (dispoñible en educonvives.gal), a través das instrucións do 17 de xuño de 2013, que veñen de ser revisadas tras a publicación do Decreto 8/2015. Polo tanto, ante a sospeita de presenza de casos de acoso escolar ou ciberacoso no centro porase en marcha dito protocolo seguindo estritamente as instrucións dadas no mesmo.

Estratexías de prevención:

1. A nivel de centro:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado).
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que possibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das NOFC.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento de todas as competencias clave, en especial as competencias sociais e cívicas.

- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos:
 1. Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
 2. Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia.
 3. Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.

- Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:
 4. Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
 5. Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais -onde aparecen e a quen se proporcionan-, non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

2. A nivel de aula:

- Inclusión no Plan de acción tutorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a:
 - Relacións no grupo.
 - Fomento da amizade.
 - Tarefas colaborativas e cooperativas.

- Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).
- Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.
- Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
 - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
 - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades sociais e destrezas para a xestión das emocións.
 - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
 - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
- Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Seguimento do clima de relacións da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

➤ **PROTOCOLO DE MEDIACIÓN**

A mediación escolar é unha estratexia de resolución pacífica, na que se lle ofrece a persoas cun conflito sentarse xuntas, voluntariamente, cunha terceira parte neutral (algún

membro do Equipo Mediador), falar do seu problema e intentar chegar a un acordo dun xeito positivo e colaborativo.

Tal e como se especifica no artigo 26 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquer conflito entre membros da comunidade educativa.

Para garantir que este proceso cumpra cos seus obxectivos, é preciso respectar os seguintes **principios**:

- **Confidencialidade**: a persoa mediadora comprométese ante as persoas ás que axuda a gardar confidencialidade sobre o contido das conversas. As persoas implicadas tamén se comprometen.
- **Imparcialidade**: a persoa mediadora comprométese a non tomar partido por ningunha das partes do conflito.
- **Compromiso de diálogo**: os protagonistas comprométese a falar das súas dificultades e conflitos nas sesións de traballo.
- **Voluntariedade**: a mediación é un proceso voluntario, non se pode establecer un proceso de comunicación entre as partes se elas no queren.
- **Respeto**: a persoa mediadora garantirá que ningunha das partes trate irrespetuosamente á outra. Non se tolerarán vexacións, insultos ou similares.
- **Participación directa** das persoas en conflito e non delegación noutras persoas
- **Legalidade**: os acordos acadados non vulnerarán a legalidade vixente, é dicir, as disposicións educativas polas que se rixen os centros.

→ Equipo Mediador.

O Equipo Mediador do CEIP Rosalía de Castro formarase, cada curso escolar, no seo do claustro de mestres e mestras e contará con catro mestres ou mestras e co/a orientador/a, que serán as persoas responsables da mediación.

- Durante a mediación, as persoas mediadoras deben:
 - Non emitir xuízos de valor.
 - Ser neutral.
 - Mostrar empatía.
 - Practicar unha escoita activa.
 - Realizar un seguimento do acordo.

- As partes do conflito deben:
 - Aceptar solucionar o conflito de xeito cooperativo.
 - Utilizar mensaxes en primeira persoa.
 - Poñerse no lugar do outro/a.
 - Manifestar a súa responsabilidade no conflito.
 - Colaborar para buscar unha solución.
 - Aceptar un acordo satisfactorio para ambas partes.

- As tarefas do equipo mediador para consensuar a mediación no centro son:
 - Consensuar medidas sancionadoras e aplicación da mediación
 - Valoración xeral dos casos de mediación realizados
 - Seguimento e valoración dos resultados
 - Avaliar o proceso de mediación no centro

→ Fases da mediación escolar.

Segundo a Léderach, as fases do proceso de mediación que máis se adaptan ao contexto escolar son as que seguen:

1. Premediación: realízase unha reunión por separado con cada persoa do conflito, en busca dunha descarga emocional previa á mediación conxunta. Trátase da primeira toma de contacto e coñecemento entre os mediadores/as e cada parte. Explícase o mecanismo de mediación e se fai un relato do conflito e as súas consecuencias.
2. Entrada: realízanse as presentacións e se explican as condicións e normas para poder realizar a mediación
3. Cóntame: cada unha das partes en conflito relata o que sucedeu.
4. Situar o conflito: realízase unha análise do conflito, resaltando os aspectos en común que expuxeron as partes. Pódense pedir aclaracións.
5. Vías de solución: inténtase realizar un novo enfoque para avanzar cara a solución. Pídese ás persoas en conflito que realicen un bulebule de ideas sobre posibles solucións ao conflito.
6. Acordo: elíxese unha solución, analízase, e redáctase un acordo para asinalo.

10. AVALIACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS.

Dende o equipo directivo buscarase a difusión deste Plan de Convivencia a través do Claustro e o Consello Escolar. O obxectivo é que todos os membros da Comunidade Educativa coñezan, acepten e sexan partícipes da mellora da Convivencia no Centro.

O seguimento deste Plan levarase a cabo en primeira instancia pola Comisión de Convivencia, quen redactará un informe-memoria para o Consello Escolar incluíndo, as actuacións realizadas así como a valoración das mesmas e do clima de Convivencia no Centro en xeral.

Finalmente será o propio Consello Escolar quen avaliará o Plan de Convivencia, a resolución dos conflitos producidos durante o curso, incluíndo dita valoración na Memoria anual del centro.

11. RECOLLIDA DE INCIDENCIAS.

As faltas de disciplina resolveranse da maneira máis inmediata posible e dende unha perspectiva educativa e encamiñada á variación de hábitos e actitudes.

Dependendo da gravidade da falta e de se o alumno ou alumna é reincidente, iran se esgotando os seguintes pasos:

1. O titor ou titora convocará á familia en hora de titoría para tratar a falta cometida.
2. O Equipo Directivo convocará á familia para tratar a falta cometida.
3. O asunto será tratado no Consello Escolar.

Os titores, profesorado ou o resto do persoal que traballa no centro pasarán por escrito a incidencia cando esta sexa gravemente prexudicial para a convivencia. A Xefatura de Estudos fará constar ditas incidencias e as medidas disciplinarias impostas no sistema de xestión de centros educativos.

Deberán recollerse nun prazo máximo de 30 días hábiles dende que se produzan. A análise dos datos que se obteñan servirá de base para a adopción das medidas de planificación de recurso, asesoramento, orientación, formación e intervención que corresponda.

